

SANTIAGO DE COMPOSTELA: O CAMIÑO DO CINEMA

A cidade de Santiago de Compostela e a súa comarca (8° 25' 37" Lat. W / 42° 53' 38" Lonx. N, case 200.000 habitantes en 700 km² e arredor de 180 días ao ano sen precipitacións) ofrecen un amplo abano de localizacións únicas, singulares e de gran beleza que as convarten en referencia para a rodaxe e a gravación de todo tipo de producións audiovisuais: cinema, televisión, publicidade e fotografía artística.

Destino final do Camiño que leva o seu nome, a cidade de Santiago é un punto de encontro de culturas e viaxeiros, capital de Galicia e Patrimonio da Humanidade, comunicada tamén a través do seu aeroporto internacional, o ferrocarril e as novas autovías.

Ademais, Santiago de Compostela é un referente para a organización de eventos audiovisuais, debido á calidade e á comodidade das súas actuais infraestruturas (Pazo de Congresos e Exposicións, Auditorio de Galicia, Facultade de Ciencias da Comunicación, Centro Galego de Arte Contemporánea...) e os seus grandes proxectos nun futuro próximo: a Cidade da Imaxe e das Novas Tecnoloxías ~un parque empresarial de 300.000 m² dedicado á industria audiovisual~ e a Cidade da Cultura.

No que se refire aos cinemas, na cidade existen oito locais de exhibición (entre os que destacan pola súa arquitectura o Teatro Principal, o Salón Teatro ou a Sala Yago) que ofrecen máis de 5.000 prazas para os espectadores e espectadoras.

O amplo tecido industrial relacionado co audiovisual cobre todos os campos da produción televisiva e gran parte dos da cinematográfica. En Santiago de Compostela operan actualmente arredor de 30 empresas que se dedican a todas as fases da produción audiovisual e publicitaria, desde a elaboración do guión, pasando pola rodaxe, a inclusión de efectos especiais e/ou de animación e a postprodución.

Existen catro asociacións de profesionais do sector, máis de 4.000 m² en estudos de gravación, catro centros de produción de televisión, varias salas de edición dixital e empresas que ofrecen servizos técnicos especializados en son, maquillaxe, iluminación, atrezzo e escenarios.

A todo isto hai que engadirles as máis de 8.000 prazas hoteleiras e os 500 locais de restauración, algúns deles con servizo de catering, cos que conta a cidade, e os diversos operativos municipais, como bombeiros, policía local, protección civil ou brigada de obras, auga e electricidade, que poden prestar a súa colaboración no desenvolvemento dunha rodaxe.



Rúa do Vilar 63, 15706 Santiago de Compostela
Tlx: 0034.981.595.129
Tlx: 0034.981.594.748
film@santiagofilm.com
www.SantiagoTurismo.com/ufic

Oficina de coordinación:
Ayto. de estrada 2002 15704 Santiago de Compostela
Tlx./Tlx: 0034.981.596.400
scto@santiagofilm.com



É unha iniciativa de:



Coa colaboración de:



Film Commission adherida a:



Plan de Excelencia Turística:



santiago de compostela film commission



